**Actividade VI:**

**CANCION DE XELA ARIAS**

Escoita e entoa a canción cos seus silencios, recitados… baseada nun poema de Xela Arias, tendo en conta os consellos sobre a respiración das actividades anteriores.

Describe cas túas palabras a mensaxe da canción, e fai un resumo do video .

A BANDA DA LOBA. https://youtu.be/qdQb_pBjxIc

INTEMPÉRIOME. 3.35`

RECITADO

VIDE.

Convídovos ó espectáculo de non ser para ser de todo.

Vide que vos convido a vos ver.

Ven que te reto

a ter ver ti a ti desde ti en ti.

COMEZA O CANTO DE VOCES FEMININAS

ACOMPAÑADAS DE INSTRUMENTOS

Hasme oír; REPET

agora busco que conxugues

ben o verbo dos posibles,

e que ti esquezas esa radio de cousas previas

amarrada sempre aos pensamentos...REPET

INSTRUMENTAL

Incendiate,

Á calor da observación

E repaso logo a ollada

No pouso

Dos afectos

INSTRUMENTAL

Hasme oír; déixate

que te percibas a ti, REPET

tamén ti atropelada das palabras,

á procura de trazos que nos

describan. REPET

Intempestiva,

Serse intempestiva

E domea – a furia á procura

Da froita madura (REP 3 VECES)

INSTRUMENTAL

**Vencerse é cousa de se tratar, vencerse…é cousa de**

**Se tratar, vencerse**